



CES
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia




**XUNTA
DE GALICIA**

Ditame
2/25

DITAME

sobre o

Anteproxecto do Plan director da construción naval 2025-2027



APROBADO POLO PLENO O 19 DE MARZO



Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org



Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 19 de marzo de 2025, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente	Manuel Pérez Álvarez
Secretario xeral	Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG	Miguel Malvido Cabirto Natividade López Gromaz Susana Méndez Rodríguez Héctor López de Castro
UGT-Galicia	Jose Carlos Rodríguez del Río Trinidad Campos Rodríguez Olga Crespo Sánchez Mar Alfonsín Madrigal
CC.OO.	Maica Bouza Seoane Xesús Castro Baamonde Carlos Pardo Pardo

GRUPO SEGUNDO

CEG	Jose Antonio Neira Cortés Enrique Miguel Mallón Otero J. Ignacio López-Bachiller Fernández
-----	--



Francisco Couso Cantos
Jose María Corujo Seguido
Laura Otero Rúa
David Martínez Alonso
Cristina Rama Molinos
Ana Belén Vázquez Eibes
María Dolores Bello Nine
María del Mar Barreiro Mariño

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Alba Torreira Puga Jacobó Feijoo Lamas
SLG	Ramón Barreiro Carnota Xosé Pérez Rei
Economía social	Mar Pernas Vázquez
Confrarías	José Basilio Otero Rodríguez Jose Manuel Rosas Otero
Consumidores	Miguel López Crespo Rosa Otero Raña
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro

acordou emitir por maioría o ditame que literalmente se transcribe de seguido:



ANTECEDENTES

1.- En data 12 de decembro de 2024 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto do Plan Director da Construción Naval 2025-2027.

Este organismo resulta competente para o ditame deste Plan Director de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”*.

2.- O texto do Plan Director foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e aos demais membros do Consello da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria do Plan Director, e da Memoria de alegacións recibidas en relación ao anteproxecto do Plan Director do Sector da construción Naval.

4.- En data 17 de febreiro de 2025, compareceron na Comisión Sectorial número 1 D^a. Margarita Ardao Rodríguez (directora xeral de estratexia industrial



e solo empresarial) e D^a. Belén Yáñez Barge (xefa de Servizo de promoción industrial), para presentar/explicar o Plan Director da construción naval 2025-2027.

5.- A Comisión Sectorial, na súa 6/25, de data 28 de febreiro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

6.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/25, do 19 de marzo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto do Plan Director da Construción Naval 2025-2027.



CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- No texto do Plan Director obxecto de ditame aparece unha mención ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Sen embargo, óbvíase a mención ao Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, que constitúe o marco xeral no que se enmarcan as políticas socioeconómicas de Galicia e que establece entre os seus obxectivos os de *“deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxa en riqueza coa media española e europea, a partir dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar da cidadanía galega, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada”*.

A falta de mención do Plan estratéxico para o período 2022-2030 ten de ser subsanada no texto dada a relevancia social e económica desta ferramenta de planificación. O CES quere poñer de manifesto que este Plan non foi remitido ao obxecto de ser ditaminado e manifestarse ao respecto.

2.- O 29 de febreiro de 2024 o Consello da Xunta acordou declarar seis sectores estratéxicos para Galicia, que contarán cos seus Plans Directores específicos, co obxectivo de fortalecer o sector industrial en Galicia co fin de incrementar o emprego de calidade e o investimento, reforzando así todo o tecido empresarial e as sinerxías sectoriais e/ou intersectoriais.

O CES considera que a industria alimentaria, tanto o sector agrogandeiro como o sector da pesca, marisqueo e acuicultura, ten de ser considerado como sector estratéxico para Galicia. O sector primario non só ten unha clara relevancia económica como xeradora de riqueza e emprego, senón tamén ten un elevado impacto na preservación do medioambiente, na ordenación do territorio ou no asentamento poboacional. Asemade, este é un sector produtivo tradicional que forma parte da cultura galega.



3.- O CES entende que a falta de consideración do sector alimentario como sector estratéxico resulta contraditoria coa propia redacción do documento obxecto de ditame. Dunha banda, na páxina 10 do documento menciónase a alimentación como “*sector industrial consolidado*” xunto co naval, o metalmecánico, a automoción, o forestal-madeira e a loxística, dos que tan só a industria alimentaria non ten a consideración de estratéxico. Doutra banda, xustifícase a elaboración dos primeiros plans directores vinculados directamente coa actividade industrial en base a que afectan ao 50% da poboación ocupada no sector (páxina 24), cando o propio documento reflicte que a industria da alimentación e bebidas é quen presenta o maior peso relativo da ocupación cun 25% fronte ao 20% da metalmecánica e da fabricación de material de transporte (automoción e naval) e ao 10% da madeira e moble.

Asemade, os sectores primarios no ámbito da pesca e do mar non aparecen mencionados de forma principal nin sequera tanxencial en ningunha parte do texto, a pesar de ser a Comunidade autónoma que ten un dos sectores pesqueiros máis importantes dentro do Estado e da Unión Europea, e tratándose dun sector que verteбра unha parte moi relevante do noso territorio e xenera moitos postos de traballo de forma directa e indirecta.

4.- En opinión do CES detéctase no documento unha clara orientación en prol de destacar o apoio para a implementación da enerxía eólica offshore o cal se presenta como unha oportunidade para o sector naval que é incuestionable. Sen embargo, considera que este apoio á industria non pode significar o apoio á instalación de parques eólicos mariños de xeito indiscriminado e que afecten á actividade pesqueira dos buques galegos. As enerxías alternativas son necesarias e se deben implantar sempre que non afecten a un sector de explotación clave en Galicia como é a pesca e o marisqueo.

A necesidade de crear e conservar postos nun sector en Galicia non vai ser entendida se leva á desaparición doutro sector tanto ou mais importante como o que se quere protexer. Os intereses económicos non pode primar sobre os intereses socioeconómicos de todo un territorio.



5.- En opinión do CES un Plan Director dun sector estratéxico require a participación de todos os axentes económicos e sociais que forman parte da súa cadea de valor así como das actividades que na práctica traballan de xeito relevante para o mesmo, tanto na fase de análise e elaboración do propio Plan como na concernente ao seguimento e avaliación do mesmo. Neste xeito, o CES entende necesario a transformación da Mesa da construción naval prevista neste Plan Director ampliando tanto a súa composición a todos os axentes protagonistas do sector e á propia Administración como as súas funcións. O Plan non aporta suficientes novidades respecto das políticas plantexadas ata o momento, polo que tomando como punto de partida o documento do Plan Director obxecto de ditame, esta Mesa analizará a situación do sector da construción naval, as súas demandas e necesidades específicas e propondrá as medidas máis acaídas que favorezan o desenvolvemento desta actividade.

6.- O CES considera necesario definir con claridade que se entende por construción naval neste Plan Director, determinando as CNAEs que reflectan a realidade íntegra do sector e de toda a cadea de valor. Neste senso, non debe considerar tan só as actividades que teñan como actividade principal a construción naval (división 30.1. da CNAE), senón que é necesario incluír todas aquelas actividades que son necesarias para o propio funcionamento do sector e que na práctica traballan de xeito relevante para esta actividade, como son, entre outras, as de Metalurxia; Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo; Fabricación de material e equipo eléctrico; Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p; Servizos de reparación e mantemento; ou Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería, ensaios e análises técnicas.

7.- O CES atopa que existen referencias normativas que deben actualizarse xa que foron aprobadas no transcurso da tramitación do Plan Director. Entre estas están o proxecto de lei de orzamentos para 2025 e o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025; e Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medias fiscais e administrativas).



Asemade, cómpre facer referencia ao devandito Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, marco xeral das políticas socioeconómicas de Galicia.

8.- No concernente á análise técnica recollida no texto do Plan Director obxecto de ditame, o CES estima necesario unha revisión da mesma que contemple

- homoxeneidade no horizonte temporal considerado, tomando como punto de partida o ano 2008. A modo de exemplo, o punto 4. “*Dimensiónamento e caracterización do sector*” menciona o período 2009-2023 para analizar as exportacións e o veb, mentres que se considera o 2010-2023 para a produtividade; no apartado 5.2. “*Magnitudes sectoriais*” menciónase no texto a evolución do número de exportacións de buques para o período 2006-2023; as actuacións conxuntas de internacionalización desde 2018; ou a evolución da facturación do sector naval galego entre 2013 e 2023;
- emprego de fontes estatísticas oficiais sempre que sexa posible;
- indicadores reflectidos nas políticas da UE (por exemplo, no gráfico da páxina 26 debería considerarse o tramo de idade de 16-29 anos, tramo que se considera nas políticas da UE para o fomento do emprego xuvenil).
- Na análise das magnitudes sectoriais (apartado 5.2) debería considerarse un maior número de variables, sendo a produtividade unha delas.

9.- Dentro do texto do Plan Director faise referencia ao desenvolvemento das infraestruturas pero limitadas ás medidas necesarias para ampliar o “chan industrial”. En opinión do CES é necesario ampliar a proposta para a mellora da mobilidade das materias primas e os produtos ou bens, co obxectivo de favorecer a actividade a través da redución de custos, sobre todo cara a manter a competitividade e favorecer as exportacións:

- a) Así impulsar as medidas xa propostas para conectar o ferrocarril cos portos de interese xeral e cos principais focos de actividade, para facer máis competitivo o sector, favorecendo, ao mesmo tempo a sostibilidade ambiental, sobre todo mediante a redución de emisións.
- b) Así mesmo no Plan Director débese recoller o Corredor Noroeste de



Mercadorías e a saída sur ferroviaria cara Portugal, especialmente as necesidades do seu desenvolvemento sobre o territorio de Galicia, referido ao sector da construción naval.

- c) Apostar pola finalización e realización das infraestruturas loxísticas e portos secos (PLISAN, nodo loxístico da Coruña,...etc.) necesarios para a recepción e despacho de mercadorías que teñen que estar necesariamente conectadas co resto de infraestruturas para facilitar a interconexión de todos os operadores.
- d) No concernente ao chan industrial, considérase necesario a posta en disposición da industria galega de chan nas mellores condicións. Isto pódese estender ao ámbito da enerxía ou ao respecto polo medio ambiente e ao territorio no que ten que ver co establecemento e atracción de industrias, ao igual que acontece noutros países da UE onde as industrias crean riqueza, emprego de calidade e valor engadido e son respectuosas co medio ambiente.

10.- O Plan debe conter máis medidas dirixidas á retención e atracción de talento, mediante a calidade do emprego, en forma de rendas e estabilidade.



CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

2.2.- Política industrial en Galicia

O anteproxecto límitase a citar diferentes plans e estratexias que inclúen medidas no ámbito industrial de Galicia nos últimos anos (páxina 10). O CES considera que o Plan Director ten de incluír un mínimo resumo dos mesmos e unha avaliación que permita valorar os seus efectos sobre os diferentes sectores industriais de Galicia.

2.3.- Outras políticas relacionadas

Este apartado do anteproxecto comeza por tratar a intersección das políticas industriais, enerxética e económica. Dunha banda, o CES considera necesario facer unha crítica aos plans levados adiante pola Administración autonómica nestes eidos, que supuxeron perdas de oportunidade e conflitos da cidadanía contra diferentes proxectos por todo o territorio de Galicia que nin sequera se axustaban ao Plan Sectorial Eólico existente, que xa ficaba obsoleto por datar do ano 1.997, e tampouco se plantexou en ningún momento a súa actualización para adecualo ás proteccións ambientais e ao desenvolvemento tecnolóxico.

Doutra banda, en opinión do CES perdeuse a oportunidade de regular a creación dunha empresa pública que recuperase e xestionase os recursos enerxéticos de Galicia e promovese a súa implantación dunha forma axeitada e dialogada que estivese ao servizo das necesidades da industria e a cidadanía galega.

3.2.- Plans directores sectoriais

Na fase de análise (Fase 2) de elaboración do Plan Director menciónase a realización dun estudo comparativo de políticas industriais, para o que foron seleccionadas as rexións de País Vasco (España), Baden–Württemberg (Alemaña) e Bretaña (Francia). En opinión do CES sería conveniente facer un



resumo das principais conclusións do devandito informe no texto do Plan director obxecto de ditame.

3.3.- Outros instrumentos

O CES entende que se debería mencionar tamén a tramitación dunha nova Lei de administración ambiental simplificada (estivo en consulta pública previa entre os días 25/06/2024 e 02/09/2024) que dea resposta aos desafíos industriais, e aborden entre outros aspectos, os desafíos demográficos, sostibilidade medioambiental, protección patrimonial...

4.1.- Crecemento económico: VEB industrial

En relación ao incremento do VEB industrial o CES entende que se ten que concretar que é a prezos correntes, xa que de facerse sen o efecto prezo o incremento sería moito menor, o 2,7%.

4.2.- Emprego industrial

Tal e como se indica nas consideracións xerais, o período de análise ten de ser dende o ano 2008, ano de inicio da crise económica. O CES considera que ademais do descenso do emprego ten de reflectirse a evolución do número de empresas nese período de tempo.

Respecto á caracterización das persoas ocupadas na industria galega, é necesario facer mención á necesidade de incrementar o emprego feminino en sectores máis cualificados. Asemade, para comprobar que se trata dun sector con estabilidade no emprego se deberían utilizar as cifras de persoas asalariadas con contrato temporal e indefinido, que mostra que a taxa de temporalidade do sector é do 12%. Xunto ca construción son os sectores máis estables. A media sectorial é do 16,7%.

5.1.- Cadea de valor do sector da construción naval

Tal e como se afirma nas consideracións xerais deste ditame, o CES entende



que é necesario definir con claridade que se entende por construción naval neste Plan Director, e ao mesmo tempo, considerar a todos os axentes sociais e económicos que teñen relación co sector.

5.4.- Proxectos estratéxicos

Tal como se indica nas consideracións xerais, o CES insiste na importancia de contar con todos os axentes relevantes no sector, polo que entende que neste apartado faltan actores relevantes no sector da construción naval.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Apréciase a necesidade de facer unha revisión lingüística do texto, así por exemplo o termo “sustentabilidade” non figura no dicionario da RAG.

Ao longo do Plan utilízase o termo “persoas” como ámbito de aplicación do Plan, sería máis convinte utilizar Persoas traballadoras e referencias a Autoemprego ou Emprego.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Vº e P.
O PRESIDENTE
Manuel Pérez Álvarez

O SECRETARIO XERAL
Manuel Martínez Varela



VOTO PARTICULAR

**Voto particular que presenta
a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
ao Ditame sobre o Anteproxecto do Plan Director da Construción Naval
2025-2027**

**Trámite do ditame preceptivo do Ces-Galicia.
Debate no Pleno do Ces, sesión do 19 de marzo de 2025**

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepan de parte dos contidos do Ditame aprobado polo Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión do 19 de marzo de 2025.

Esta discrepancia refírese exclusivamente ás consideracións que se mencionan a continuación:

1.- Consideración xeral 4.

A CEG presentou unha emenda de modificación parcial á consideración xeral 4. A nova redacción proposta polo Grupo Segundo do Ces-Galicia sitúase na liña da xa aprobada polo pleno do CES no seu Ditame sobre o Anteproxecto de lei de beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, concretamente no referido ao texto da Disposición Transitoria Única do devandito Anteproxecto (páxina 26 do Ditame aprobado polo Ces na súa sesión plenaria do 4 de Decembro de 2024). Considérase a proposta presentada pola CEG unha redacción máis axeitada, tendo en conta o consenso xa acadado polo Pleno, que evita confrontar sectores na redacción, salvagardando o mantemento doutras actividades empresariais, nomeadamente da pesca, marisqueo e acuicultura, pola súa relevancia e facendo tamén expresa mención á proposición non de lei aprobada polo Parlamento galego o 25 de maio de 2022.



Nova redacción que foi proposta polo Grupo segundo:

4.-En opinión do CES detéctase no documento unha clara orientación en prol de destacar o apoio para a implementación da enerxía eólica offshore o cal se presenta como unha oportunidade para o sector naval que é incuestionable. A eólica mariña representa unha oportunidade industrial que permitirá aplicar a experiencia dun sector xa referente a nivel mundial na cadea de subministración de fabricación de compoñentes, plataformas e estruturas, converténdose nun referente internacional e europeo en capacidades industriais e o conxunto da cadea de valor destas enerxías. Dita oportunidade é particularmente interesante en Galicia.

Ademáis do propio sector, outros sectores relevantes da economía que poderán beneficiarse, son:

- Utilización ou reconversión de infraestruturas portuarias, tanto para fabricación e montaxe de compoñentes, como para a súa utilización como portos de operacións.
- A construción naval, tanto para a fabricación ou montaxe de compoñentes e das plataformas, como para a fabricación de barcos específicos para as actividades de instalación e operacións mariñas.
- As empresas de enxeñería, universidades e centros de investigación.

Esta consideración efectúase no entendemento de garantir o mantemento doutras actividades empresariais, nomeadamente do sector pesca, marisqueo e acuicultura, pola súa relevancia na economía da Comunidade Autónoma e en liña coa proposición non de lei aprobada polo Parlamento galego o 25 de maio de 2022.

2.- Consideración xeral 5.

O Grupo segundo considera que debера terse modificado a última oración desta Consideración Xeral. A representación da CEG considera que é máis acaída a redacción do texto alternativo proposto na emenda presentada ao entender que o Plan incorpora unha planificación orzamentaria e unha nova gobernanza, o feito de aprobar este plan en sí mesmo xa supón unha novidade



de relevancia. Por outra banda a visión negativa en canto á insuficiencia do Plan que se expresa na redacción finalmente aprobada contradí o informe favorable do Comité executivo de política industrial do que a CEG forma parte.

Redacción que foi proposta polo Grupo segundo na emenda parcial presentada:

5.- En opinión do CES un Plan Director dun sector estratéxico require a participación de todos os axentes económicos e sociais que forman parte da súa cadea de valor así como das actividades que na práctica traballan de xeito relevante para o mesmo, tanto na fase de análise e elaboración do propio Plan como na concernente ao seguimento e avaliación do mesmo. Neste xeito, o CES entende necesario a transformación da Mesa da construción naval prevista neste Plan Director ampliando tanto a súa composición a todos os axentes protagonistas do sector e á propia Administración como as súas funcións. Tomando como punto de partida o documento do Plan Director obxecto de ditame, esta Mesa levará a cabo unha nova análise da situación do sector naval, das súas demandas e necesidades específicas e propondrá as medidas máis acaídas que favorezan o desenvolvemento desta actividade.

3.- Sobre a consideración particular 2.3 Outras políticas relacionadas.

A CEG considera que a crítica de forma xeralizada a outros planes da Administración autonómica non é oportuna nun texto como o que se está a determinar referido a un Plan sectorial de ámbito diferenciado e non contribúe a enriquecer o plan que neste momento se está tramitando.

Por outra parte, a propósito da creación dunha empresa pública galega, a CEG non comparte a necesidade de creación de empresas públicas para a xestión enerxética polos mesmos motivos sinalados no Ditame ao Anteproxecto de Lei de beneficios e que figuran no voto particular presentado pola Confederación de Empresarios de Galicia no trámite do Ditame do Ces ao Anteproxecto de Lei. O marco actual considérase suficiente, máis aínda tendo en conta a publicación e entrada en vigor da Lei de beneficios sociais e económicos (LEI 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos



dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia DOG do 11 de novembro de 2024).

Polos motivos sinalados a CEG solicitou a supresión da consideración particular 2.3.

19 de marzo de 2025

